

Francisco Castro, Escritor: "Internet ten unha parte perversa: o anonimato"

Galaxia editará "Spam", a novela coa que gañou o Premio Blanco Amor.

Francisco Castro. / Jesús de Arcos

ALBERTO QUIJAN / VIGO Francisco Castro (Vigo, 1966) vén de gañar o XXIV Premio Blanco Amor de novela con "Spam" -presentada co lema "Punto com"-, na que fai unha dura crítica, disfrazada de humor, ao neocapitalismo e ao uso perverso de Internet. O libro será publicado por Galaxia e, advirte o autor, "ten vocación de perdurar no tempo".

-Que conta en "Spam"?

-A novela trata fundamentalmente dúas cousas. Por un lado, a historia dun director de empresa que, na teoría, é un triunfador, un home exemplar e brillante do mundo dos negocios, pero que na práctica é un tipo lamentábel que representa ás empresas de hoxe como animais sen alma que explotan aos traballadores a través dos seus departamentos de recursos humanos. Este home está incapacitado para relacionarse coa xente cara a cara e mantén contactos virtuais por Internet; é un adicto ás webcams. E boa parte da novela transcorre na Rede. Por outro lado, no libro hai unha reflexión sobre a soidade do ser humano, pois é unha paradoxa que agora podemos estar todos interconectados, pero cada vez estamos máis sós.

-O xurado dixo dela que é unha novela anovadora que racha moldes...

-Dende logo non vai pasar indiferente. Si, é unha novela rachadora que xoga cos planos do espazo, que salta ao hipertexto de Internet, que xoga co formato informático e o discurso literario tradicional... E é moi crítica co capitalismo global e a sociedade de consumo, baixo a máscara do humor, da ironía.

-Onde está o contrapunto ao mal capitalista?

-No libro hai un triunfador oculto. A novela ten truco, pero non o imos desvelar...

-Vostede é usuario de Internet?

-Si, o son, e mesmo recibo tódolos días dúcias de correos basura, os spam.

-Por que esa visión oscurantista da Rede?

-Eu teño unha visión positiva de Internet como gran medio de comunicación, pero ten unha parte perversa que é o anonimato, a través do cal pódese facer un moi mal uso da Rede. E o protagonista da novela vive nese mundo perverso.